



**E**ste capítulo céntrase na análise das diferentes variables relacionadas co mercado de traballo en Galicia, en concreto no estudio da situación laboral da muller galega.

A primeira parte do estudio está dedicada á análise dos datos facilitados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA), da que se deduce unha primeira aproximación á evolución do mercado de traballo en Galicia.

No estudio das estatísticas proporcionadas pola EPA utilízase tanto a chamada metodoloxía orixinal como a nova metodoloxía da EPA 2002, con datos referidos, en todo caso, a medias anuais; a utilización de ámbalas dúas metodoloxías é consecuencia da non existencia, nin na EPA orixinal, nin na EPA 2002 de forma individual, dunha desagregación informativa suficiente para levar a cabo o estudio, polo que, co obxecto de proporcionar unha visión o máis completa posible, óptase pola utilización conxunta de ámbalas metodoloxías, coas limitacións comparativas descritas no alcance do informe.

Posteriormente analizarémo-los datos proporcionados polo Observatorio de Emprego sobre contratacións e demandas de emprego por sectores e por provincias.

Finalmente desagregase a situación laboral da muller galega a nivel sectorial, así como as situacións de irregularidade laboral

O **cadro 2.1.** mostra os datos principais do mercado de traballo para o conxunto de Galicia nos anos 1981, 1991, 2000 e 2001. Así, no período 1981-2001, obsérvase un incremento na **poboación maior de 16 anos** do 12,4%. Desagregando por sexos, este incremento é do 16,2% no caso dos homes e do 9,2% para as mulleres. Así, o número de mulleres maiores de 16 anos pasou de 1.129.780 no ano 1981 a 1.233.550 no ano 2001, representando neste último ano o 52,2% da poboación total maior de 16 anos.

O incremento sinalado do 9,2% da poboación feminina maior de 16 anos no período 1981-2001, así como o incremento do 16,8% da poboación activa feminina provoca que a **taxa de actividade**

2.1.

Principais datos do mercado de traballo 1981-2001

	1981		1991		2000		2001		01/01				
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres			
Poboación total maior de 16 anos	969,71	1.129,78	1.074,07	1.190,90	2.264,96	1.117,80	1.223,85	1.126,85	1.233,55	2.360,40	16,2	9,2	12,4
Poboación activa	688,77	428,87	691,56	482,23	1.153,78	701,35	516,15	693,38	501,13	1.194,48	-0,8	16,8	5,9
Poboación ocupada	653,79	407,56	622,62	390,27	1.012,88	629,10	406,30	639,73	423,00	1.062,70	-2,2	3,8	0,1
Poboación parada	44,98	21,31	68,94	71,96	140,91	72,30	109,83	53,65	78,13	131,80	19,3	266,6	98,8
Poboación inactiva	248,74	700,92	366,54	728,67	1.095,21	410,75	707,65	430,90	732,43	1.163,30	73,2	4,5	22,5
Paro rexistrado										132,04			
Afiliaídos á Seguridade social					777,32		880,10			904,35			
Taxa de actividade	72,1	38,0	64,4	38,8	50,9	62,7	42,2	61,5	40,6	50,6	-10,5	2,7	-3,1
Taxa de temporalidade						34,0	35,1	33,5	35,3	34,2			
Taxa de paro	6,4	5,0	10,0	15,6	12,2	10,3	21,3	7,7	15,6	11,0	1,3	10,6	5,2

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Encuesta de Población Activa (metodoloxía 2002), e do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales



2.2.


Taxas de actividade 1981-2001

	1981	1991	2000	2001	01/81
	(puntos porcentuais)				
<b>Homes</b>					
16-19	52,65	28,51	28,54	23,55	-29,1
20-24	64,02	67,93	60,93	59,81	-4,2
25-54	94,45	93,05	91,32	88,77	-5,7
55 e máis	46,38	33,36	23,75	24,60	-21,8
<b>Total</b>	<b>73,99</b>	<b>65,78</b>	<b>62,75</b>	<b>61,53</b>	<b>-12,5</b>
<b>Mulleres</b>					
16-19	33,53	20,69	13,28	13,08	-20,4
20-24	46,95	48,91	51,57	43,48	-3,5
25-54	46,01	57,56	67,05	64,55	18,5
55 e máis	26,14	20,33	13,44	13,87	-12,3
<b>Total</b>	<b>38,23</b>	<b>39,64</b>	<b>42,18</b>	<b>40,63</b>	<b>2,4</b>
<b>Ambolos dous sexos</b>					
16-19	43,24	24,66	21,05	18,42	-24,8
20-24	55,63	58,58	56,29	51,73	-3,9
25-54	70,01	75,26	79,19	76,66	6,6
55 e máis	34,72	25,95	17,90	18,52	-16,2
<b>Total</b>	<b>55,22</b>	<b>52,10</b>	<b>52,00</b>	<b>50,60</b>	<b>-4,6</b>

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa (metodoloxía 2002)

G.2.1.

Diferencial das taxas de actividade por sexos 1977-2001  
(medias anuais para cada sexo, puntos porcentuais de poboación activa)



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Encuesta de población activa (metodoloxía 2002)

feminina no período 1981-2001 se incremente, pasando do 38% no ano 1981 ó 40,6% no ano 2001, o que supón un incremento de 2,7 puntos porcentuais; a taxa de paro feminina tamén se incrementou pasando do 5% no ano 1981 ó 15,6% no ano 2001, o que implica un incremento de 10,6 puntos porcentuais

Comparando as taxas de actividade e paro masculinas e femininas, observamos como o incremento da taxa de actividade feminina (2,7 puntos porcentuais), contraponse á redución en 10,5 puntos porcentuais na taxa de actividade mas-

culina, mentres que o incremento na taxa de paro feminina (10,6 puntos porcentuais) é superior ó incremento de 1,3 puntos porcentuais na mesma taxa para os homes.

Atendendo á desagregación das **taxas de actividade por grupos de idade**, o **cadro 2.2.** mostra as taxas de actividade para homes e mulleres con idades comprendidas entre 16 e 19 anos, 20 e 24 anos, 25 e 54 anos e de máis de 55 anos.

Os datos para o período 1981-2001 mostran como se produce unha diminución das taxas de

2.3.

**Poboación ocupada 1981-2001: distribución segundo sexo e grupos de idade**

	1981	1991	2000	2001	01/81
	(en miles de persoas)				(%)
<b>Homes</b>					
16-19	38,2	21,9	15,2	11,9	-69,0
20-24	52,7	57,0	54,8	53,8	2,0
25-54	469,7	448,7	482,3	490,1	4,4
55-e máis	128,4	111,4	76,9	84,0	-34,6
<b>Total</b>	<b>689,0</b>	<b>639,0</b>	<b>629,1</b>	<b>639,7</b>	<b>-7,1</b>
<b>Mulleres</b>					
16-19	21,9	11,8	5,1	5,7	-74,2
20-24	39,6	33,1	33,5	30,6	-22,8
25-54	238,0	257,6	308,9	323,9	36,1
55-e máis	100,0	91,7	58,9	62,9	-37,1
<b>Total</b>	<b>399,5</b>	<b>394,1</b>	<b>406,3</b>	<b>423,0</b>	<b>5,9</b>
<b>Ambolos dous sexos</b>					
16-19	60,1	33,6	20,3	17,5	-70,9
20-24	92,3	90,1	88,2	84,4	-8,6
25-54	707,6	706,3	791,2	814,0	15,0
55-e máis	228,3	203,0	135,8	146,9	-35,7
<b>Total</b>	<b>1.088,4</b>	<b>1.033,0</b>	<b>1.035,4</b>	<b>1.062,7</b>	<b>-2,4</b>

Fonte: IGE, Encuesta de Población Activa (metodoloxía orixinal)

actividades de tódolos grupos de idade, tanto en homes como en mulleres, agás na franxa de mulleres entre 25 e 54 anos, onde a taxa de actividade pasa do 46,01% no ano 1981 ó 64,55% no ano 2001, o que supón un incremento de 18,5 puntos porcentuais, fronte ás diminucións das taxas de actividade das mulleres comprendidas entre 16 e 19 anos, así como das maiores de 55 anos, taxas que se reducen en 20,4 e 12,3 puntos porcentuais respectivamente.

O gráfico 2.1. mostra o diferencial das taxas de actividade no período 1997-2001 en Galicia e en España. En xeral, na serie presentada, tanto en Galicia como en España obsérvase unha tendencia á redución das desigualdades entre as taxas de actividade masculinas e femininas pasando de valores de case 50 e 35 puntos de diferenza en España e en Galicia respectivamente no comezo da serie, a situarse no ano 2001 en diferenzas en torno ós 25 e 20 puntos respectivamente. A evolución do diferencial, tal como mostra o gráfico, é paralelo en España e en Galicia, aínda que en toda a serie o diferencial de taxas de actividade en Galicia é notoriamente inferior ós valores recollidos para o conxunto do estado, existindo, sen embargo, unha aproximación entre ámbalas dúas liñas de evolución, consecuencia do maior ritmo de redución do diferencial de taxas que se produce en España dende mediados da década dos oitenta.

No que respecta á **poboación ocupada** os datos EPA expostos no **cadro 2.3.** mostran unha evolución positiva da poboación ocupada feminina en Galicia no período 1981-2001, a que de forma xeral se incrementou nun 5,9%, este incremento baséase no ascenso do 36,1% da poboación ocupada feminina con idades comprendidas entre 25 e 54 anos, xa que as restantes franxas de idade reduciron o número de persoas ocupadas, así na franxa de idade entre 16 e 19 anos reduciuse o número de mulleres ocupadas nun 74,2%, e nun 37,1% as mulleres de 55 e máis anos. En termos absolutos a poboación ocupada feminina pasa de 399.500 persoas no ano 1981 a 423.000 persoas no ano 2001, das que o 76,5% son mulleres entre 25 e 54 anos.

A **nivel provincial (cadro 2.4.)**, o maior volume de poboación feminina ocupada encóntrase nas provincias de A Coruña e Pontevedra co 39,2% e co 34,% do total das mulleres ocupadas en Galicia respectivamente, o que implica que só o 26,8% da poboación feminina ocupada en Galicia está nas provincias de Ourense e Lugo. En relación á evolución da poboación ocupada feminina no período 1981-2001, salienta o incremento do 77% das mulleres ocupadas na provincia de A Coruña, fronte ó descenso experimentado nas tres provincias restantes, destacando a redución de 37,9 puntos da poboación feminina ocupada na provincia de Ourense, de 19,6 puntos na provincia



## 2.4.

Poboación ocupada 1981-2001: distribución segundo sexos

	1981			2001		
	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres
	<i>(miles de personas)</i>					
A Coruña	363,0	269,3	93,7	423,8	257,6	166,2
Lugo	179,6	102,8	76,8	148,1	86,5	61,7
Ourense	188,1	106,1	82,0	131,8	80,9	50,9
Pontevedra	357,7	210,8	146,9	359,1	214,9	144,2
<b>Total</b>	<b>1.088,4</b>	<b>689,0</b>	<b>399,5</b>	<b>1.062,7</b>	<b>639,7</b>	<b>423,0</b>

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa (metodoloxía 2002)

de Lugo e de 1,8 puntos na provincia de Pontevedra.

A **nivel sectorial**, o 66,6% da poboación feminina está ocupada no sector servicios, da que o 76,1% traballa nas provincias de A Coruña e Pontevedra, sendo o segundo sector en importancia nestas provincias a industria, a diferenza das provincias de Ourense e Lugo, onde despois do sector servicios, é a agricultura o sector que acolle unha maior ocupación feminina. Neste senso é importante destaca-lo feito de que na provincia de Lugo o 38,1% da poboación feminina ocupada pertence á agricultura (**cadro 2.14.**).

No que respecta á **situación profesional** da poboación ocupada, o **cadro 2.5.** mostra como o 71,9% da poboación masculina ocupada son traballadores por conta allea, fronte ó 66,2% da poboación feminina. No que respecta á poboación traballadora por conta propia, o 17,4% dos homes e o 22,1% das mulleres ocupadas son empresarios e empresarias sen asalariados, mentres que o 7,9% dos homes e o 3,1% das mulleres ocupadas son empresarios e empresarias con asalariados. Finalmente, no que respecta ás axudas familiares, persoas que traballan sen remuneración regulamentada na empresa dun familiar có que conviven, a porcentaxe de mulleres ocupadas nesta situación é o 7,9% fronte ó 2,4% dos homes ocupados; unha porcentaxe máis de cinco puntos superior no caso das mulleres a pesar da redución do número de mulleres ocupadas nesta situación profesional en máis dun 33% no período 1997-2001.

Desagregando a nivel provincial, nas catro provincias galegas as mulleres empresarias con asalariados son as que representan unha menor porcentaxe dentro da poboación feminina ocupa-

da, sendo a provincia de A Coruña onde a porcentaxe de mulleres nesta situación profesional é maior, acadando estas o 3,4% da poboación feminina ocupada a nivel provincial; nembargantes é importante ter en conta que no período 1997-2001 e nas catro provincias galegas a situación profesional de mulleres empresarias con asalariados foi a que sufriu uns maiores incrementos porcentuais, destacando o incremento do 75,6% na provincia de Lugo.

Tomando como referencia o período 1981-2001, observamos, tal como se expón no **cadro 2.6.**, que a única situación profesional onde se incrementa o número de persoas ocupadas no período analizada é a das persoas asalariadas, que pasan de 520.000 no ano 1981 a 750.100 no ano 2001, o que supón un incremento do 44,2%, obviando o apartado de "outros" onde o número de ocupados non é significativo. Desagregando a poboación ocupada por sexos, as mulleres asalariadas incrementáronse un 149,7% no período fronte a un incremento do 14,2% nos homes. No lado oposto destacar a diminución do 75,1% das axudas familiares, que no que respecta ás mulleres pasaron de 144.300 no ano 1981 a 32.500 no ano 2001. En xeral destacar que o total de poboación ocupada no período 1981-2001 descendeu un 2,35%, o que resulta dunha diminución da poboación masculina ocupada do 7,16% e dun incremento da poboación feminina ocupada dun 5,88%.

Tal como se sinalou anteriormente, o 66,2% da poboación feminina ocupada en Galicia no ano 2001 son asalariadas, o que supón un incremento deste colectivo do 35,3% no período 1997-2001. No **cadro 2.7.** observamos a distribución entre **empregos temporais e fixos**, o número de empre-

2.5.

Poboación ocupada 1997-2001: distribución segundo situación profesional

	1997			2000			2001			01/97		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)											
<b>A Coruña</b>	221,2	136,4	357,6	241,2	152,1	393,4	238,3	158,0	396,2	7,7	15,8	10,8
Empresarios sen asalariados	41,7	33,4	75,1	40,8	34,9	75,7	37,8	31,2	68,9	-9,5	-6,7	-8,3
Empresarios con asalariados	14,5	3,3	17,8	16,8	4,9	21,7	17,9	5,2	23,1	23,4	58,8	29,8
Axudas familiares	5,0	14,1	19,1	5,1	11,4	16,5	4,8	10,2	15,0	-5,0	-27,5	-21,6
Asalariados	159,0	84,9	243,9	177,6	99,7	277,3	177,0	111,0	288,1	11,3	30,7	18,1
Outros (1)	1,0	0,7	1,7	1,0	1,2	2,2	0,9	0,4	1,2	-12,8	-50,0	-27,3
<b>Lugo</b>	82,5	57,4	139,8	82,6	57,5	140,1	79,3	58,5	137,8	-3,9	2,0	-1,5
Empresarios sen asalariados	26,9	16,6	43,5	22,8	15,1	37,9	22,2	16,1	38,3	-17,7	-2,6	-12,0
Empresarios con asalariados	5,9	1,0	6,9	6,6	2,0	8,6	6,2	1,8	8,0	5,1	75,6	16,1
Axudas familiares	10,1	20,5	30,5	6,8	13,8	20,6	6,5	12,4	18,9	-35,3	-39,6	-38,2
Asalariados	38,9	18,9	57,8	45,5	26,0	71,5	44,3	28,2	72,4	13,8	49,1	25,3
Outros (1)	0,8	0,4	1,2	0,9	0,5	1,4	0,2	0,1	0,3	-75,0	-88,2	-79,2
<b>Ourense</b>	66,1	47,1	113,1	70,5	47,4	117,9	72,8	46,3	119,1	10,1	-1,6	5,3
Empresarios sen asalariados	13,3	15,5	28,8	16,5	11,0	27,5	15,1	11,5	26,5	13,2	-26,0	-7,9
Empresarios con asalariados	7,4	1,8	9,1	5,4	1,2	6,6	6,4	1,2	7,6	-13,2	-32,9	-16,7
Axudas familiares	3,4	2,9	6,3	1,6	4,6	6,2	1,9	4,0	5,8	-45,2	36,2	-7,6
Asalariados	41,3	25,9	67,1	46,8	29,9	76,7	48,9	29,2	78,1	18,5	13,1	16,4
Outros (1)	0,7	1,1	1,8	0,3	0,7	1,0	0,5	0,5	1,0	-27,6	-54,5	-43,1
<b>Pontevedra</b>	183,1	108,8	291,9	202,8	132,5	335,3	197,9	136,5	334,4	8,1	25,5	14,5
Empresarios sen asalariados	34,1	28,5	62,6	24,5	32,2	56,7	27,9	29,6	57,4	-18,3	3,7	-8,3
Empresarios con asalariados	11,0	2,5	13,4	16,8	3,8	20,6	16,1	4,3	20,3	46,6	69,3	51,4
Axudas familiares	5,0	10,6	15,5	2,2	5,8	8,0	1,1	5,3	6,3	-78,9	-50,0	-59,3
Asalariados	131,9	65,8	197,7	158,2	89,1	247,3	152,4	96,0	248,3	15,5	45,8	25,6
Outros (1)	1,2	1,4	2,6	1,3	1,7	3,0	0,6	1,4	2,0	-53,1	1,8	-23,8
<b>Total</b>	552,8	349,6	902,4	597,1	389,5	986,6	588,2	399,3	987,4	6,4	14,2	9,4
Empresarios sen asalariados	116,0	84,0	200,0	104,6	93,3	197,9	102,8	88,3	191,1	-11,4	-6,0	-9,0
Empresarios con asalariados	38,7	8,6	47,3	45,5	11,8	57,3	46,5	12,5	59,0	20,1	45,6	24,8
Axudas familiares	23,4	48,0	71,4	15,6	35,5	51,1	14,2	31,8	46,0	-39,5	-33,8	-35,6
Asalariados	371,1	195,4	566,5	428,0	244,7	672,7	422,5	284,4	686,9	13,9	35,3	21,2
Outros (1)	3,7	3,6	7,3	3,5	4,2	7,7	2,2	2,3	4,5	-41,5	-35,4	-38,7

(1) en outros inclúense os membros de cooperativas  
 Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía orixinal)



2.6.

**Poboación ocupada 1981-2001: distribución segundo sexo e situación profesional**

	1981			2001			81/01		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	<i>(en miles de persoas)</i>								
	<i>(%)</i>								
Empresarios e autónomos	233,6	139,9	373,5	160,3	100,5	260,9	-31,38	-28,16	-30,15
Axudas familiares	50,0	144,3	194,3	14,7	32,5	47,2	-70,60	-77,48	-75,71
Asalariados	404,9	115,1	520,0	462,5	287,5	750,1	14,23	149,78	44,25
Outros	0,5	0,1	0,6	2,2	2,4	4,6	340,00	2.300,00	666,67
<b>Total</b>	<b>689,0</b>	<b>399,4</b>	<b>1.088,4</b>	<b>639,7</b>	<b>422,9</b>	<b>1.062,8</b>	<b>-7,16</b>	<b>5,88</b>	<b>-2,35</b>

Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa* (metodoloxía 2002)

2.7.

**Poboación asalariada e taxa de temporalidade 1997-2001**

	Total			Homes			Mulleres		
	1997	2000	2001	1997	2000	2001	1997	2000	2001
	<i>(en miles de persoas)</i>								
Asalariados	560,30	672,65	690,38	365,35	428,00	426,25	194,95	244,65	264,10
Empregos temporais	194,78	231,33	237,18	126,35	145,48	143,75	68,43	85,85	93,40
Empregos indefinidos	365,53	441,33	453,20	239,00	282,53	282,50	126,53	158,80	170,70
<b>Taxa temporalidade</b>	<b>34,76</b>	<b>34,39</b>	<b>34,35</b>	<b>34,58</b>	<b>33,99</b>	<b>33,72</b>	<b>35,10</b>	<b>35,09</b>	<b>35,37</b>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, *Enquisa de Poboación Activa* (metodoloxía orixinal)

gadas temporais no período 1997-2001 incrementouse nun 36,4%, pasando de 68.430 a 93.400 mulleres, mentres que o incremento no emprego indefinido das mulleres foi do 34,9% pasando de 126.530 a 170.700 empregadas no período analizado; no caso dos asalariados masculinos, os incrementos dos empregos indefinidos foron porcentualmente maiores que nos empregos temporais, así os empregos indefinidos incrementáronse un 18,2% no período 1997-2001 fronte o incremento do 13,7% dos empregos temporais.

A **taxa de temporalidade** no conxunto de Galicia pasou do 34,76% no ano 1997 ó 34,35% no ano 2001, o que supón unha redución de 0,4 puntos porcentuais, sen embargo a taxa de temporalidade feminina no período incrementouse en 0,27 puntos porcentuais, pasando do 35,10% no ano 1997 ó 35,37% no ano 2001.

A nivel provincial destaca que o 78,2% da poboación asalariada feminina está nas provincias de A Coruña e Pontevedra, mentres que o 40% das mulleres integradas dentro das axudas familiares no conxunto de Galicia, pertencen á provincia de Lugo.

No que respecta á **poboación parada** e, en

concreto, á poboación parada feminina, o **cadro 2.8.** mostra a evolución no período 1981-2001 das taxas de paro por idades, observándose o incremento da taxa de paro feminino en tódalas franxas de idade, destacando o incremento de 15,9 puntos porcentuais da taxa de paro das mulleres comprendidas entre 20 e 24 anos. No caso dos homes as taxas de paro incrementáanse en tódolos grupos de idade agás no que comprende ós homes entre 20 e 24 anos, onde se produce unha redución de 5,2 puntos porcentuais. A taxa de paro para o período 1981-2001 incrementouse no caso das mulleres 10,4 puntos porcentuais, mentres que para os homes este incremento foi de 1,1 punto porcentual.

En termos absolutos, a Enquisa de Poboación Activa contabilizou un incremento da poboación parada feminina en Galicia no período 1981-2001 de 56.200 persoas, pasando de 21.900 desempregadas no ano 1981 a 78.100 no 2001, o que supón un incremento do 256%. No **cadro 2.9.** reflíctense estas variacións distribuídas por grupos de idade, sendo as mulleres entre 16 e 19 anos as que presentan unha redución porcentual do 55,5%, mentres que as demais franxas de idade presentan incrementos porcentuais, destacando o incremento en termos absolutos de 50.400 mulleres paradas

2.8.

Taxas de paro 1981-2001: distribución segundo sexo e grupos de idade

	1981	1991	2000	2001	01/81
	(puntos porcentuais)				
<b>Homes</b>					
16-19	17,67	16,65	26,34	26,17	8,5
20-24	21,52	22,63	18,20	16,31	-5,2
25-54	4,92	9,18	8,87	6,53	1,6
55 e máis	1,63	4,00	9,17	5,38	3,7
<b>Total</b>	<b>6,65</b>	<b>10,01</b>	<b>10,31</b>	<b>7,74</b>	<b>1,1</b>
<b>Mulleres</b>					
16-19	23,09	35,87	44,43	34,54	11,4
20-24	17,15	35,78	39,75	33,07	15,9
25-54	2,86	16,10	20,51	15,06	12,2
55 e máis	0,09	1,60	6,29	3,99	3,9
<b>Total</b>	<b>5,19</b>	<b>16,16</b>	<b>21,29</b>	<b>15,60</b>	<b>10,4</b>
<b>Amolos dous sexos</b>					
16-19	19,74	24,55	31,91	29,00	9,3
20-24	19,70	28,06	28,00	23,30	3,6
25-54	4,24	11,84	13,80	10,12	5,9
55 e máis	0,96	2,93	7,94	4,79	3,8
<b>Total</b>	<b>6,12</b>	<b>12,46</b>	<b>14,96</b>	<b>11,04</b>	<b>4,9</b>

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa (metodoloxía 2002)


2.9.

Poboación parada 1981-2001: distribución segundo sexo e grupos de idade

	1981	1991	2000	2001	01/81
	(en miles de persoas)				
<b>Homes</b>					
16-19	8,2	4,4	5,4	4,2	-49,1
20-24	14,5	16,7	12,2	10,5	-27,8
25-54	24,3	45,4	47,0	34,2	40,7
55-e máis	2,2	4,7	7,8	4,8	122,1
<b>Total</b>	<b>49,1</b>	<b>71,1</b>	<b>72,3</b>	<b>53,7</b>	<b>9,3</b>
<b>Mulleres</b>					
16-19	6,6	6,6	4,1	2,9	-55,5
20-24	8,2	18,4	22,1	15,2	85,7
25-54	7,0	49,4	79,7	57,4	716,7
55-e máis	0,1	1,5	4,0	2,6	2525,0
<b>Total</b>	<b>21,9</b>	<b>75,9</b>	<b>109,8</b>	<b>78,1</b>	<b>256,7</b>
<b>Amolos dous sexos</b>					
16-19	14,8	11,0	9,5	7,1	-51,8
20-24	22,7	35,2	34,3	25,7	13,3
25-54	31,3	94,8	126,7	91,6	192,6
55-e máis	2,2	6,2	11,7	7,4	231,5
<b>Total</b>	<b>71,0</b>	<b>147,1</b>	<b>182,1</b>	<b>131,8</b>	<b>85,8</b>

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa (metodoloxía 2002)

G.2.2.



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Encuesta de población activa (metodoloxía 2002)





2.10.

Poboación parada 1997-2001: distribución segundo o tempo de procura de emprego

	1997		2000		2001		01/97	
	(en miles de persoas)	(%/total)	(en miles de persoas)	(%/total)	(en miles de persoas)	(%/total)	(en miles de persoas)	(%)
<b>Homes</b>	92,8	100	69,6	100	66,3	100	-26,5	-28,5
menos de 6 meses	27,2	29,3	24,6	35,3	22,3	33,5	-5,0	-18,3
de 6 a 11 meses	15,7	16,9	11,9	17,1	10,1	15,2	-5,6	-35,8
de 1 a 2 anos	19,7	21,2	12,6	18,1	11,5	17,3	-8,2	-41,7
de 2 a 3 anos	8,3	8,9	4,8	6,9	4,7	7,0	-3,6	-43,6
máis de 3 anos	20,6	22,2	13,1	18,9	13,4	20,2	-7,3	-35,2
xa atopou traballo	1,4	1,5	2,7	3,9	4,5	6,8	3,2	233,3
<b>Mulleres</b>	110,8	100	101,8	100	92,4	100	-18,4	-16,6
menos de 6 meses	18,7	16,8	25,8	25,3	23,9	25,8	5,2	27,9
de 6 a 11 meses	14,3	12,9	14,4	14,1	14,6	15,8	0,3	2,1
de 1 a 2 anos	20,1	18,1	17,2	16,9	16,5	17,8	-3,7	-18,2
de 2 a 3 anos	12,4	11,2	9,6	9,4	6,8	7,3	-5,7	-45,5
máis de 3 anos	44,4	40,1	32,8	32,3	26,9	29,1	-17,5	-39,4
xa atopou traballo	0,9	0,8	2,0	1,9	3,8	4,1	2,9	322,2
<b>Ambolos dous sexos</b>	203,6	100,0	171,4	100	158,7	100	-44,9	-22,1
menos de 6 meses	45,9	22,5	50,3	29,4	46,1	29,1	0,3	0,5
de 6 a 11 meses	30,0	14,7	26,2	15,3	24,7	15,5	-5,4	-17,8
de 1 a 2 anos	39,8	19,5	29,8	17,4	27,9	17,6	-11,9	-29,8
de 2 a 3 anos	20,7	10,2	14,4	8,4	11,4	7,2	-9,3	-44,7
máis de 3 anos	65,0	31,9	45,9	26,8	40,3	25,4	-24,7	-38,0
xa atopou traballo	2,3	1,1	4,6	2,7	8,3	5,2	6,0	78,9

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía orixinal)

con idades comprendidas entre 25 e 55 anos no período analizado. No que atinxe ó volume da poboación parada masculina, tanto en termos absolutos como no que respecta a variacións porcentuais, é inferior á feminina.

O gráfico 2.2. mostra a evolución do diferencial de taxas de paro en España e en Galicia para a serie 1977-2001. O maior diferencial entre as taxas de paro en España deuse a mediados dos oitenta e a finais da década dos 90, data a partir da que este diferencial no conxunto do estado comeza a reducirse. A evolución en Galicia foi distinta xa que a escasa taxa de actividade feminina ata mediados dos 80 provoca a existencia de diferenzas negativas entre as taxas de paro, a partir de mediados dos 80 prodúcese un incremento sostido deste diferencial acadando diferenzas próximas ós 12 puntos a finais dos anos 90, data a partir de que se iguala co diferencial a nivel estatal e comeza unha redución conxunta dos dous diferenciais.

Desagregando a nivel provincial, e analizando o período 1997-2001, o **cadro 2.15.** mostra como o descenso do número de persoas paradas a nivel xeral correspóndese cun descenso nas catro provincias galegas, sendo a provincia de Lugo a que experimenta un maior descenso no período 1997-2001, cunha redución do 28,3% no volume

de poboación parada, o que supón 6.700 persoas desempregadas menos. En termos absolutos destaca a provincia de Pontevedra, onde o descenso do número de persoas desempregadas no período 1997-2001 foi de 17.100 persoas.

No que respecta á diminución da poboación parada feminina, a maior redución dáse, na provincia de Lugo (26,4%) seguida de Pontevedra (10%), en termos absolutos son as provincias de Pontevedra e A Coruña, con 8.200 e 5.400 desempregadas menos respectivamente, as que presentan uns datos máis favorables.

Atendendo ó **tempo de procura de emprego**, o **cadro 2.10.** mostra que no ano 2001 o 29,1% das persoas paradas levaban nesta situación menos de 6 meses, e o 25,4% máis de 3 anos. O paro de longa duración (máis dun ano á procura de emprego) afecta a 79.600 persoas no ano 2001, das que o 63% son mulleres, das que o 53% levaban máis de tres anos procurando emprego. Deste xeito, o 29,1% das mulleres paradas en Galicia no ano 2001 levaban máis de tres anos nesta situación, unha porcentaxe que, a pesar de reducirse nun 39,4% respecto do ano 1997, segue moi por encima da porcentaxe de homes nesta situación, que é do 20,2% do total de desempregados.

Respecto á evolución da **poboación inacti-**

2.11.

*Poboación inactiva en Galicia e España 2000: distribución segundo sexo e clase de inactividade*

	Estudiante	Xubilado ou prexubilado	Labores do fogar	Incapacitado para traballar	Perceptor pensión distinta de xubilación (ou prexubilación)	Outras	Total
	<i>(en miles de persoas)</i>						
<b>Galicia</b>	210,5	488,1	274,4	45,5	122,3	22,3	1.163,1
Homes	96,1	271,1	2,1	27,0	19,3	17,4	433,0
Mulleres	114,4	217,0	272,3	18,5	103,0	4,9	730,1
<b>España</b>	2.897,5	4.701,6	5.182,3	841,6	1.853,6	428,5	15.905,1
Homes	1.340,5	3.363,2	49,8	451,0	154,8	276,6	5.635,9
Mulleres	1.557,0	1.338,4	5.132,5	390,6	1.698,8	151,9	10.269,2
<b>% Galicia / España</b>	7,26	10,38	5,29	5,41	6,60	5,20	7,31
Homes	7,17	8,06	4,22	5,99	12,47	6,29	7,68
Mulleres	7,35	16,21	5,31	4,74	6,06	3,23	7,11

Fonte: INE, Encuesta de poboación activa ( metodoloxía orixinal)

va, **cadro 2.1.**, esta incrementábase un 22,5% no período 1981-2001. A poboación inactiva no ano 2001 acadaba 1.163.300 persoas, das que o 62,9% son mulleres, o que supón un incremento da poboación feminina inactiva do 4,5% en relación ó ano 1981, un incremento que, por outra banda, é inferior ó sufrido pola poboación inactiva masculina (73,2%).

Desagregando a poboación inactiva segundo a clase de inactividade, o **cadro 2.11**, mostra que no ano 2000 o 67% das mulleres inactivas correspondíanse con mulleres xubiladas ou prexubiladas (217.000 mulleres), e con mulleres que tiñan como actividade principal a de "Labores do fogar" (272.300 mulleres), nesta última categoría están incluídas o 37,2% das mulleres inactivas no citado ano fronte ó 0,5% do total de homes inactivos. Tendo en conta que a porcentaxe de mulleres residentes en Galicia en relación á poboación feminina total residente en España é do 6,86%, a porcentaxe de mulleres inactivas en Galicia supera a porcentaxe de poboación en 0,25 puntos porcentuais, ascendendo ó 7,11%. Por tipos de inactividade salienta a porcentaxe de mulleres xubiladas ou prexubiladas galegas que ascende ó 16,2% do total estatal, fronte á porcentaxe de homes na mesma situación que é do 8% do conxunto do estado.


Os datos do INEM reflectidos no **cadro 2.12**, permiten diferenciar os contratos realizados nos anos 1993 e 2001 segundo o seu sexo e a súa duración. En xeral, obsérvase que dos 685.716 novos contratos realizados en Galicia no ano 2001, o 41,5% foron asinados por mulleres, sendo o 94,7%

do conxunto de contratos asinados de carácter temporal

Cabe salientarlle a porcentaxe de contratación feminina a través de contratos de duración temporal de interinidade, onde dos 49.691 novos contratos no ano 2001, o 67,3% foron asinados por mulleres. Así mesmo, dos 126.488 novos contratos a tempo parcial, indefinidos ou temporais rexistrados no ano 2001, 82.100 foron asinados por mulleres e 44.388 por homes, o que implica un incremento da contratación feminina a tempo parcial de 64.231 mulleres máis respecto do ano 1993. Así mesmo incrementábase a feminización deste tipo de contratación en 4,47 puntos porcentuais, respecto do ano 1993.

No que respecta á evolución entre os anos 1993 e 2001, do tipo de contratación, os contratos de duración indefinida incrementáronse entre os anos sinalados un 309%, o que en termos absolutos supón 27.120 contratos máis, dos que o 24% son contratos indefinidos a tempo parcial. Os contratos indefinidos ordinarios incrementáronse un 137%, 8.030 contratos máis, dos que só o 18,1% (1.460 contratos) teñen como titulares a mulleres.

Os contratos de duración temporal incrementáronse entre os anos 1993 e 2001 un 174%, no que respecta á contratación de mulleres, destaca, tanto en termos relativos como absolutos, os contratos de obra ou servizo a mulleres que se incrementaron un 370%, o que supón 53.159 mulleres máis con este tipo de contrato no citado período.



2.12.

Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións en colaboración social 1993-2001

	1993		2001		01/93		Total
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres (%)	
<b>Contratos de duración indefinida</b>							
Indefinido ordinario	6.190	2.565					309,8
Indefinido tempo completo	4.599	1.262	11.169	2.722	35.875	115,7	137,0
Indefinido R.D. Ley 8/97	1.124	917			13.891		
Indefinido Lei 63/97	-	-	6.502	7.371	13.873	-	-
Indefinido tempo parcial (1) (3)	467	386	-	-	7.560	-	786,3
Mulleres reincorporadas	-	-	-	-	-	-	-
Mulleres sobrepresentadas	-	-	-	-	-	-	-
Xovenes menores de 25 anos	-	-	-	-	-	-	-
Xovenes de 25 a 29 anos	-	-	-	-	-	-	-
Maiores de 45 anos	-	-	-	-	-	-	-
Minusválidos	-	-	420	131	551	0,0	0,0
<b>Contratos de duración temporal</b>							
Obra ou servizo	156.100	80.265			649.841	-	174,9
Eventual circunstancias da produción	64.669	14.333	160.505	67.492	227.997	370,9	188,6
Ininterinidade	26.906	18.269	127.141	67.122	194.263	96,6	330,0
Lanzamento de nova actividade	7.111	13.670	16.248	33.443	49.691	128,5	139,1
Temporais	2.214	1.821	-	-	-	-	-
Temporais minusválidos	28.305	10.466	-	-	-	-	-
Temporais minusválidos en CEE	33	5	-	-	392	-	-
Tempo parcial (2) (3)	11.234	17.483	315	77	118.928	-	314,1
Sustitución por xubilación ós 64 anos	33	15	53	29	82	60,6	70,8
Prácticas	1.571	1.521	2.958	2.731	5.689	88,3	84,0
Aprendizaxe	-	-	-	-	-	-	-
Formación	2.875	1.095	-	-	-	-	-
Formación R.D. Lei 8/97	-	-	-	-	-	-	-
Formación Lei 63/97	-	-	8.199	4.459	12.658	-	-
Minusv. en centros especiais de formación	-	-	285	166	451	0,0	0,0
Convenios	1.630	333	-	-	-	-	-
Outros contratos	9.519	1.254	22.813	16.791	39.690	139,7	268,4
<b>Total contratos</b>	<b>162.290</b>	<b>82.830</b>	<b>400.996</b>	<b>284.634</b>	<b>685.716</b>	<b>147,1</b>	<b>243,6</b>
<b>Conversión de contratos temp. en indefinidos</b>	-	-	14.501	10.041	24.542	-	-
<b>Adscrición en colaboración social</b>	-	-	-	-	-	-	-

(1) refírese ós contratos a tempo parcial de duración indefinida  
 (2) non inclúe os contratos deste tipo que teñen duración indefinida  
 (3) no ano 2000, dos 118.873 contratos a tempo parcial, 74.990 foron firmados por mulleres e 43.883 por homes, e no 2001, dos 126.488 contratos, 82.100 foron firmados por mulleres e 44.388 por homes.  
 Fonte: INEM

2.13.

**Ocupacións máis solicitadas polas mulleres demandantes de emprego a 31-12-01**

Ocupación	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
Dependente en xeral	11.074	3.604	4.676	10.664	30.018
Mozo-Muller de limpeza	7.759	2.520	3.381	7.588	21.248
Auxiliar administrativo	6.093	1.890	2.003	4.592	14.578
Caixeiro	4.197	1.186	1.488	3.666	10.537
Administrativo	4.571	1.241	297	3.360	9.469
Axudante de cocina	2.845	1.209	1.856	3.169	9.079
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	3.860	1.449	2.044	1.241	8.594
Recepcionista	3.821	655	974	2.435	7.885
Telefonista/Operador de telemarketing	3.935	434	719	1.739	6.827
Mozo/Camareira de pisos	761	61	61	2.640	3.523

**Contratacións máis numerosas de mulleres por ocupación en Galicia a 31-12-01**

Ocupación	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
Dependente de comercio en xeral	14.947	856	1.093	7.505	24.401
Empregado administrativo, en xeral	7.498	1.829	1.477	8.213	19.017
Muller/Mozo limpeza, limpiador en xeral	7.476	1.640	1.145	5.672	15.933
Camareiro en xeral	4.487	758	1.079	5.716	12.040
Oper. Maquina ind. Coser á plancha, ex pel	9.128	-	288	288	9.704
Peón da ind. manufacteireira en xeral	1.329	144	470	7.993	9.936
Peón da ind. Aliment. Bebidas e tabaco	2.467	214	5	1.453	4.139
Enfermeiro en xeral	744	3.287	30	-	4.061
Médico, medicina xeral	-	1.539	-	2.277	3.816
Enfermeiro de atención primaria	-	442	-	3.014	3.456

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Observatorio Ocupacional , Informe comarcal do mercado laboral

2.14.

**Ocupados por sector económico e sexo 1981-2001**

	Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servicios
<i>(miles de persoas)</i>					
<b>Total</b>					
1981	1.088,35	439,63	183,43	111,43	353,78
2001	1.062,70	158,35	206,53	130,30	567,55
81/01 (%)	-2,36	-63,98	12,59	16,94	60,43
<b>Homes</b>					
1981	688,95	212,83	138,65	110,55	226,85
2001	639,73	85,80	147,58	124,15	282,20
81/01 (%)	-7,14	-59,69	6,44	12,30	24,40
<b>Mulleres</b>					
1981	399,45	226,85	44,78	0,83	126,98
2001	423,00	72,53	58,95	6,13	285,35
81/01 (%)	5,90	-68,03	31,66	642,42	124,73

Fonte: INE Enquisa de Poboación Activa ( Metodoloxía2002 )

Outra das fontes existentes para o estudo e análise das contratacións e ocupacións en Galicia é o Estudio do mercado laboral de Galicia elaborado polo Observatorio das Ocupacións do Instituto Galego das Cualificacións. O **cadro 2.13.** mostra as ocupacións máis demandadas polas mulleres galegas a 31 de decembro de 2001 así como as contratacións máis numerosas de mulleres por ocupación, posibilitando, deste xeito, a comparación entre ofertas e demandas de emprego nas diferentes ocupacións.

Tendo en conta as 10 ocupacións máis solicitadas entre as mulleres demandantes de emprego

en Galicia no ano 2001 destaca a de “Dependente en xeral”, con 30.018 solicitudes, seguida da de “Mozo/Muller de limpeza” con 21.248, e “Auxiliar administrativo” con 14.578 solicitudes. Desagregado a nivel provincial observamos que o 72,5% das solicitudes de emprego nas tres ocupacións citadas son realizadas por mulleres residentes nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

Dentro das 10 contratacións máis numerosas de mulleres no ano 2001, destacan as seguintes ocupacións: “Dependente de comercio en xeral” con 24.401 contratacións, “Empregado administrativo en xeral” con 19.017 contratacións e



“Mozo/Muller de limpeza, persoal de limpeza en xeral” con 15.933 contratacións. Desagregando a nivel provincial, o 86,4% das contratacións das tres ocupacións sinaladas son realizadas a mulleres residentes nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

A comparación entre solicitudes e contratacións máis numerosas reflicte a coincidencia existente entre as tres primeiras ocupacións máis solicitadas e as tres máis contratadas. Sen embargo, é importante destaca-la existencia de solicitudes en ocupacións tales como “Caixeiro ou caixeira”, “Axudante de cociña” ou “Auxiliar de axuda a domicilio”, entre outras, que, estando entre as dez ocupacións máis solicitadas, non aparecen entre as dez máis contratadas.

### Participación da muller nos sectores productivos galegos

No período 1981-2001 a poboación ocupada total galega pasou de 1.088.350 a 1.062.700 persoas, o que supón unha redución dun 2,3% no total de ocupados. A evolución do volume de ocupación nos 20 anos analizados non é homoxenea entre homes e mulleres, así a poboación ocupada masculina descendeu nun 7,1%, fronte ó incremento do 5,8% da poboación ocupada feminina.

A nivel sectorial, no período analizado, destaca a forte redución da poboación ocupada na agricultura (63,98%), maior no caso das mulleres (68,03%) que no dos homes (59,69%). Nos tres sectores restantes, industria, construción e servizos, prodúcense incrementos de poboación ocupada, destacando o ascenso no volume de poboación ocupada feminina no sector servizos, que pasa de 126.980 mulleres ocupadas no sector no ano 1981 a 285.350 mulleres no ano 2001, o que supón un incremento do 124,73% (**cadro 2.14.**).

Para o conxunto de Galicia, no ano 2001, o 53% da poboación ocupada correspondía ó sector servizos, seguido a distancia pola industria (19,2%), a agricultura (12,3%), a construción (11,9%) e, finalmente, a pesca (3,3%) (**cadro 2.15.**).

O incremento do 9,4% que se produciu no volume de poboación ocupada no período 1997-

2001 divídese a nivel sectorial en dúas evolucións contrarias: a perda de poboación ocupada da agricultura (o 27,3% menos) e o incremento que se produce na pesca, industria, construción e servizos (15,5%, 24,9%, 20% e 15,2%, respectivamente).

Estas porcentaxes, tanto de incremento como de redución, son maiores cando se ten en conta á poboación ocupada feminina. Neste senso, o incremento do 14,2% na poboación ocupada feminina no período 1997-2001, correspóndese cunha diminución do 29,6% na poboación feminina ocupada na agricultura, compensada cun incremento da poboación feminina ocupada na pesca (50%), na industria (45,9%), na construción (135,9%) e nos servizos (26,5%).

O importante crecemento do emprego feminino no sector industrial non modifica o maior peso do masculino e a importante redución do emprego feminino na agricultura non é suficiente para que este sector deixe de se-lo máis feminizado da economía galega.

A maior diminución da **poboación parada** feminina en termos porcentuais por sectores prodúcese no sector da agricultura e da pesca (**cadro 2.16.**). Sen embargo, en termos absolutos estas reducións só representan o 3,2% da redución total do desemprego feminino no período (18.400 mulleres). A diminución da poboación parada feminina prodúcese fundamentalmente entre as mulleres que están a procura do seu primeiro emprego, así como nas mulleres catalogadas como non clasificables. No primeiro caso, a poboación desempregada feminina descende un 30,5%, o que supón 10.900 desempregadas menos, e, polo tanto, o 59,2% do total de redución de paro feminino no período. Atendendo a súa distribución provincial este descenso prodúcese con maior ou menor intensidade en tódalas provincias, destacando as diminucións de máis do 42% do número de mulleres desempregadas que buscan o seu primeiro emprego, nas provincias de Ourense e Pontevedra no período 1997-2001.


No caso dos “non clasificables”, o devandito **cadro 2.16.** amosa que o 22,8% das mulleres desempregadas, 21.100 mulleres, está englobadas nesta categoría. Ó igual que no caso anterior, o

2.15.

Poboación ocupada 1997-2001: distribución segundo sectores económicos

	1997			1998			1999			2000			2001			01/97			
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	
	(en miles de persoas)																		
<b>A Coruña</b>	221,2	136,3	357,5	225,3	137,6	362,9	232,2	148,0	380,2	241,2	152,1	393,4	238,4	157,9	396,1	7,8	15,9	10,8	
Agricultura	19,4	30,8	50,2	19,2	27,9	47,0	15,7	25,7	41,4	16,9	25,0	41,9	15,1	19,1	34,1	-22,4	-38,0	-32,1	
Pesca	8,7	0,7	9,4	9,8	0,2	10,0	12,4	1,6	14,0	12,8	3,2	15,9	10,9	2,7	13,6	25,6	278,6	44,7	
Industria	43,0	18,3	61,4	44,9	18,8	63,7	48,7	19,6	68,3	48,3	22,2	70,5	49,4	25,7	75,1	14,9	40,3	22,3	
Construción	41,8	1,4	43,2	42,5	1,3	43,8	42,2	1,7	43,9	44,2	1,8	46,0	43,9	2,4	52,2	19,3	69,6	20,8	
Servicios	108,3	85,2	193,5	108,8	89,6	198,4	113,2	89,4	212,6	119,0	100,1	219,1	113,1	108,1	221,1	4,5	26,9	14,3	
<b>Lugo</b>	82,5	57,4	139,8	79,2	52,6	131,8	80,8	51,4	132,2	82,6	57,5	140,1	79,3	58,5	137,7	-3,9	1,9	-1,5	
Agricultura	32,7	30,0	62,6	29,8	24,4	54,2	28,1	23,3	49,5	27,2	25,7	52,9	24,6	22,3	46,8	-24,9	-25,8	-25,2	
Pesca	1,9	-	1,9	2,2	0,2	2,4	2,8	0,2	3,0	3,0	0,6	3,6	1,9	0,3	2,2	0,0	0,0	15,8	
Industria	8,8	1,7	10,5	10,3	1,6	11,9	9,9	2,1	12,0	10,4	2,9	13,3	13,1	3,4	16,5	48,3	101,5	57,1	
Construción	10,9	0,1	11,0	9,8	0,2	10,0	11,2	0,5	11,7	11,6	0,6	12,1	10,6	0,4	11,0	-2,5	275,0	0,0	
Servicios	28,2	25,6	53,8	27,1	26,1	53,2	30,7	25,4	56,1	30,4	27,8	58,2	29,2	32,1	61,2	3,4	25,3	13,8	
<b>Ourense</b>	66,1	47,1	113,2	67,2	46,2	113,4	64,2	44,9	109,1	70,5	47,4	118,0	72,7	46,4	119,1	10,0	-1,6	5,2	
Agricultura	7,1	13,8	20,9	7,6	12,2	19,8	6,4	8,4	14,8	8,9	10,2	19,2	7,6	9,7	17,1	6,3	-30,1	-18,2	
Pesca	0,2	-	0,2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	16,2	4,7	20,9	14,6	3,7	18,3	14,5	4,9	19,4	15,1	5,0	20,1	17,8	4,8	22,6	9,9	2,7	8,1	
Construción	13,3	0,3	13,7	13,6	0,2	13,8	13,0	0,2	13,3	14,3	0,5	14,7	15,0	0,8	15,8	12,6	158,3	15,3	
Servicios	29,3	28,3	57,7	31,4	30,0	61,4	30,3	31,3	61,6	32,3	31,8	64,0	32,4	31,1	63,6	10,5	9,9	10,2	
<b>Pontevedra</b>	183,1	108,8	291,9	180,9	118,9	309,8	196,7	123,6	320,2	202,8	132,5	335,2	197,8	136,5	334,5	8,0	25,4	14,6	
Agricultura	13,5	21,1	34,6	10,7	20,9	31,6	11,6	22,0	33,6	7,7	19,5	27,2	8,0	16,3	24,4	-40,6	-22,6	-29,5	
Pesca	13,2	3,7	16,9	12,5	4,2	16,6	12,6	4,2	16,8	12,8	3,7	16,5	13,2	3,6	16,9	0,2	-2,0	0,0	
Industria	47,1	12,3	59,4	53,0	15,6	68,6	52,9	16,5	69,3	54,0	17,7	71,6	55,5	19,9	75,6	17,8	62,0	27,3	
Construción	30,3	0,5	30,8	30,1	0,4	30,4	35,1	0,9	36,0	41,8	2,0	43,8	37,5	1,9	39,3	23,6	280,0	27,6	
Servicios	79,1	71,2	150,3	84,6	77,9	162,5	84,5	80,1	164,6	86,6	89,5	176,1	83,7	94,7	178,3	5,8	33,0	18,6	
<b>Total</b>	552,8	349,6	902,4	562,6	355,2	917,8	573,9	367,8	941,7	597,1	389,5	986,6	588,2	399,2	987,5	6,4	14,2	9,4	
Agricultura	72,7	95,6	168,3	67,3	85,3	152,6	59,8	79,4	139,3	60,7	80,4	141,1	55,2	67,4	122,4	-24,1	-29,6	-27,3	
Pesca	23,9	4,4	28,3	24,5	4,6	29,1	27,8	5,9	33,8	28,6	7,4	36,0	26,1	6,6	32,7	9,0	50,0	15,5	
Industria	115,1	36,9	152,0	122,8	39,7	162,5	126,0	43,0	168,0	127,7	47,8	175,5	135,7	53,9	189,8	17,9	45,9	24,9	
Construción	96,3	2,3	98,6	96,0	2,1	98,1	101,6	3,3	104,9	111,8	4,8	116,6	112,9	5,4	118,3	17,2	135,9	20,0	
Servicios	244,9	210,3	455,2	251,9	223,6	475,5	258,6	236,2	494,8	268,3	249,1	517,4	288,3	266,0	524,3	5,5	26,5	15,2	

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa (metadotación orixinal)



2.16.

Poboación parada 1997-2001: distribución segundo sectores económicos

	1997			2000			2001			01/97		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)											
<b>A Coruña</b>	37,4	39,6	77,1	30,4	36,4	66,7	28,5	34,2	62,7	-23,8	-13,7	-18,7
Agricultura e Pesca	1,2	0,1	1,3	1,1	0,3	1,4	0,8	0,2	0,9	-34,8	100,0	-28,0
Industria e Construción	14,3	4,0	18,3	11,0	2,9	13,8	8,4	3,7	12,0	-41,4	-8,1	-34,3
Servicios	7,9	10,8	18,8	8,6	12,9	21,5	7,5	12,5	20,0	-5,4	15,2	6,4
Que buscan 1º emprego	6,0	11,8	17,8	5,7	13,3	19,0	6,0	10,0	16,0	-0,4	-14,9	-10,0
Non clasificables	8,1	12,9	21,1	4,1	6,9	11,0	6,0	7,9	13,8	-26,5	-39,3	-34,3
<b>Lugo</b>	10,6	13,2	23,8	7,5	11,0	18,5	7,4	9,7	17,1	-30,5	-26,4	-28,3
Agricultura e Pesca	1,2	0,2	1,4	0,9	0,1	1,0	0,7	0,1	0,7	-36,3	-100,0	-46,3
Industria e Construción	3,9	0,3	4,2	2,0	0,6	2,6	2,4	0,5	2,9	-38,3	75,0	-31,0
Servicios	1,7	4,5	6,2	1,7	4,0	5,6	1,9	3,5	5,4	7,2	-21,2	-13,3
Que buscan 1º emprego	1,8	4,7	6,5	1,3	3,5	4,8	1,2	3,7	4,9	-35,2	-21,2	-25,0
Non clasificables	2,1	3,5	5,5	1,6	2,9	4,6	1,3	1,9	3,2	-39,0	-45,0	-42,5
<b>Ourense</b>	11,5	12,5	24,0	8,6	14,2	22,8	6,2	11,3	17,5	-45,8	-10,0	-27,0
Agricultura e Pesca	0,9	0,1	1,0	0,9	0,4	1,3	0,4	0,0	0,5	-50,0	-80,0	-53,8
Industria e Construción	4,0	1,2	5,2	2,9	1,5	4,3	1,7	1,2	2,9	-58,5	0,0	-44,7
Servicios	3,2	3,2	6,3	2,3	4,6	6,8	1,9	4,9	6,8	-38,9	55,6	8,3
Que buscan 1º emprego	2,0	4,3	6,2	1,4	4,4	5,8	1,4	2,5	3,9	-26,9	-42,7	-37,8
Non clasificables	1,6	3,8	5,3	1,1	3,5	4,6	0,8	2,7	3,5	-48,4	-28,7	-34,4
<b>Pontevedra</b>	33,3	45,5	78,8	23,2	40,2	63,3	24,4	37,3	61,7	-26,7	-18,0	-21,7
Agricultura e Pesca	1,7	0,6	2,2	1,4	0,8	2,2	1,8	0,2	2,0	7,6	-65,2	-10,2
Industria e Construción	10,8	5,2	16,0	8,4	3,2	11,6	9,3	4,2	13,5	-13,9	-18,9	-15,6
Servicios	6,7	12,5	19,2	6,7	14,5	21,2	7,1	15,4	22,5	5,6	23,7	17,0
Que buscan 1º emprego	7,7	15,3	22,9	3,3	12,2	15,6	3,0	8,9	11,9	-60,6	-42,0	-48,2
Non clasificables	6,4	12,1	18,5	3,4	9,5	12,8	3,2	8,7	11,9	-50,4	-28,0	-35,9
<b>Total</b>	92,8	110,8	203,7	69,6	101,8	171,4	66,5	92,4	158,9	-28,3	-16,5	-22,0
Agricultura e Pesca	4,8	1,0	5,8	4,3	1,6	5,9	3,7	0,4	4,1	-23,8	-60,5	-29,9
Industria e Construción	32,9	10,7	43,7	24,2	8,1	32,3	21,7	9,6	31,3	-34,0	-10,1	-28,4
Servicios	19,5	30,9	50,5	19,2	36,0	55,2	18,4	36,3	54,7	-5,9	17,5	8,3
Que buscan 1º emprego	17,4	36,0	53,4	11,7	33,3	45,0	11,6	25,1	36,6	-33,5	-30,5	-31,4
Non clasificables	18,1	32,2	50,4	10,2	22,8	33,0	11,2	21,1	32,3	-38,2	-34,4	-35,8

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía orixinal)

2.17.

Poboación ocupada por situación profesional e sector económico por sexos 1989-2001

(miles de persoas)

	Empresarios e autónomos			Axudas familiares			Servicios			Asalariados			Outros			
	Agricultura	Industria	Construción	Agricultura	Industria	Construción	Agricultura	Industria	Construción	Agricultura	Industria	Construción	Agricultura	Industria	Construción	Servicios
<b>1989</b>																
Homes	105,9	13,1	20,6	35,8	1,7	0,8	7,6	43,4	110,0	72,6	172,3	0,4	1,0	0,6	2,3	
Mulleres	100,5	3,7	-	91,9	1,3	-	19,2	3,3	28,3	117,8	117,8	0,3	0,9	-	1,6	
<b>Total</b>	<b>206,4</b>	<b>16,8</b>	<b>20,6</b>	<b>127,7</b>	<b>3,0</b>	<b>0,8</b>	<b>26,8</b>	<b>46,7</b>	<b>138,3</b>	<b>189,4</b>	<b>290,1</b>	<b>0,7</b>	<b>1,9</b>	<b>0,6</b>	<b>3,9</b>	
<b>2001</b>																
Homes	49,0	16,3	26,2	9,7	1,2	0,9	2,9	26,7	129,5	96,8	209,5	0,4	0,6	0,3	0,9	
Mulleres	48,1	3,9	-	21,3	0,8	-	10,1	3,0	53,2	-	226,1	0,1	1,0	-	1,3	
<b>Total</b>	<b>97,1</b>	<b>20,2</b>	<b>26,2</b>	<b>31,0</b>	<b>2,0</b>	<b>0,9</b>	<b>13,0</b>	<b>29,7</b>	<b>182,7</b>	<b>96,8</b>	<b>435,6</b>	<b>0,5</b>	<b>1,6</b>	<b>0,3</b>	<b>2,2</b>	

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa (metodoloxía 2002)





descenso no número de mulleres desempregadas englobadas nesta categoría prodúcese en tódalas provincias, destacando as provincias de Lugo e A Coruña con descenso do 45% e do 39,3% respectivamente no período 1997-2001.

Considerando os distintos sectores económicos, a poboación feminina desempregada no período 1997-2001 aumenta no sector servicios nun 17,5%, descendendo nos sectores restantes, fronte á diminución en tódolos sectores da poboación parada masculina; así mesmo, as diminucións porcentuais da poboación parada masculina que busca o primeiro emprego ou englobada no apartado de non clasificables, é superior á diminución porcentual da poboación parada feminina nestes sectores.

A poboación parada nos **sectores industriais** acada as 31.300 persoas, das que o 30,6% son mulleres, un 10,1% menos que no ano 1997, sendo as provincias de Ourense e A Coruña as que presentan reducións porcentualmente superiores no desemprego feminino deste sector.

No **sector servicios**, no ano 2001 existían 54.700 persoas desempregadas, dos que o 65,8% eran mulleres, un 17,5% máis que o ano 1997. Este incremento produciuse en tódalas provincias agás en Lugo onde se produciu un descenso do 21,2% no número de mulleres desempregadas no sector servicios, sen embargo cabe destaca-los incrementos do 55,6% e do 23,7% da citada variable nas provincias de Ourense e Pontevedra respectivamente.

A análise do **cadro 2.17.** permite observar a evolución no período 1989-2001 do volume de poboación ocupada nos diferentes sectores económicos segundo a situación profesional da mesma, distinguindo as categorías de persoas empresarias ou autónomas, axudas familiares, asalariados e outros.

No que respecta ás **persoas empresarias ou autónomas** no seu conxunto salienta o feito de que o único sector dentro desta situación profesional que diminúe o número de persoas ocupadas no período 1989-2001 é o agrícola que pasa de 206.400 persoas ocupadas no ano 1989 a 97.100 no ano 2001; este descenso afecta dun xeito paralelo a homes e a mulleres que porcentualmente

diminúen a súa participación nun 53,7% en un 52,1% respectivamente. A participación de empresarios e autónomos dentro dos tres sectores restantes analizados increméntase no período, destacando o aumento do 39% das mulleres empresarias ou autónomas no sector servicios.

En relación ás **axudas familiares**, estas diminúen en tódolos sectores agás no da construción, onde pasan de 800 no ano 1989 a 900 no ano 2001; destacando o forte descenso, tanto en termos absolutos como relativos, das axudas familiares no sector agrícola, onde pasan de 127.700 no ano 1989 a 31.000 no ano 2001, o que supón un descenso do 75,7%. En termos porcentuais a diminución das axudas familiares no período analizado é aproximada entre homes e mulleres, neste senso as axudas familiares nos homes diminuíron un 72,9% e nas mulleres un 76,8%, sen embargo en termos absolutos está diminución supón 70.600 mulleres menos que perciben a axuda familiar na agricultura, fronte a 26.100 homes.

No que respecta ás persoas **asalariadas**, ó igual que no caso das persoas empresarias ou autónomas, estas aumentan a súa participación en tódolos sectores analizados agás no agrícola onde diminúen nun 36,4%, destacando neste sector a diminución da poboación asalariada masculina que foi do 38,4% fronte á feminina do 9%. En relación ós incrementos de poboación ocupada asalariada nos tres sectores restantes, cabe salientalo aumento da poboación feminina asalariada no sector servicios, que no período 1989-2001 pasan de 117.800 mulleres a 226.100, o que supón un 91,9% máis de poboación feminina asalariada neste sector.

Finalmente, en canto á **ganancia media** das mulleres empregadas nos sectores da industria e dos servicios, no ano 1999 Galicia era a décima comunidade autónoma, cunha cantidade de 983,31 euros, 395,38 euros menos que a ganancia dos homes empregados nos mesmos sectores, e por debaixo da media estatal, que para as mulleres se sitúa en 1.202,16 euros (**cadro 2.18.**). A pesar do lixeiro incremento que se produciu nas ganancias femininas no ano 2000, Galicia baixa ó duodécimo lugar, sendo superada neste ano por comunidades como Andalucía, Cantabria ou a Comunidade Valenciana, que no ano anterior estaban por detrás

2.18.

**Ganancia media <sup>(1)</sup> por persoa traballadora e mes na industria e nos servicios nas CC.AA. 1999-2000 <sup>(2)</sup>: pagos totais**

	1999			2000		
	Homes	Mulleres	Ratio mulleres/ homes	Homes	Mulleres	Ratio mulleres/ homes
	(euros)			(euros)		
Andalucía	1.492,85	955,01	64,0	1.495,82	1.027,91	68,7
Aragón	1.695,18	940,49	55,5	1.743,44	991,36	56,9
Asturias	1.655,22	1.065,01	64,3	1.686,23	1.059,49	62,8
Baleares	1.524,65	1.062,80	69,7	1.557,55	1.075,95	69,1
Canarias	1.309,26	1.009,42	77,1	1.379,28	995,20	72,2
Cantabria	1.626,16	980,57	60,3	1.651,82	1.090,63	66,0
Castela - A Mancha	1.363,62	880,63	64,6	1.396,36	876,20	62,7
Castela e León	1.564,65	1.027,74	65,7	1.615,52	1.031,04	63,8
Cataluña	1.691,83	1.176,61	69,5	1.752,88	1.234,12	70,4
C. Valenciana	1.468,57	956,31	65,1	1.492,41	1.025,39	68,7
Estremadura	1.326,10	805,07	60,7	1.332,41	960,44	72,1
<b>Galicia</b>	<b>1.378,69</b>	<b>983,31</b>	<b>71,3</b>	<b>1.447,99</b>	<b>1.000,18</b>	<b>69,1</b>
Madrid	1.851,85	1.415,12	76,4	1.940,04	1.417,46	73,1
Murcia	1.315,76	868,73	66,0	1.352,51	874,07	64,6
Navarra	1.736,96	1.175,34	67,7	1.768,11	1.180,88	66,8
País Vasco	1.936,59	1.396,55	72,1	1.998,00	1.353,32	67,7
A Rioja	1.533,74	999,22	65,1	1.579,14	1.065,34	67,5
<b>Total</b>	<b>1.581,70</b>	<b>1.202,16</b>	<b>76,0</b>	<b>1.627,80</b>	<b>1.227,54</b>	<b>75,4</b>

(1) incluídas horas extraordinarias

(2) datos referidos ó 4º trimestre de cada ano

Fonte: INE, Encuesta de salarios en la industria y los servicios

da comunidade galega. Así no período 1999-2000 as mulleres galegas que traballan na industria e nos servicios pasan de ter unha ganancia media mensual do 71,3% da ganancia media masculina nos mesmos sectores, a reducir esta ganancia media mensual no ano 2000 ó 69,1% da ganancia media masculina.

A ganancia media anual, a nivel estatal, por tipo de contrato e sexo para o ano 1995 era, no caso dos contratos indefinidos de 12.478 euros para as mulleres e de 17.823 euros para os homes, o que supón 5.345 euros anuais máis para estes últimos; no caso dos contratos temporais, a ganancia media anual para as mulleres era de 6.455 euros e para os homes de 8.220 euros, 1.765 euros anuais máis no caso dun contrato temporal a un home.

• **Sector agro-gandeiro**

Segundo datos proporcionados polo EUROS-TAT, as mulleres seguen a xogar un papel moi importante na agricultura europea, representando o 37% da forza de traballo permanente na agricultura (na que se inclúe o traballo familiar e asalariado) na UE15 no ano 1997. Sen embargo, existen grandes diferencias entre os traballos realizados por homes e mulleres, diferencias baseadas fundamentalmente no status menor do traballo

feminino.

A porcentaxe de traballo feminino na agricultura varía considerablemente dun estado membro a outro. Así, en 1997, fronte o citado 37% medio na UE, Portugal, Grecia e Austria situábanse por riba do 40%, mentres que España, Irlanda, Dinamarca e o Reino Unido tiñan porcentaxes por debaixo do 30%. Debido ó volume de poboación agrícola nos países do sur de Europa, dous de cada tres traballadoras do sector agro-gandeiro europeo eran italianas, gregas, españolas ou portuguesas.

Na UE15, a maior parte das persoas que traballan na agricultura realizan o seu traballo a tempo parcial. No ano 1997 só o 27% dos homes e o 12% das mulleres traballaban a tempo completo. Neste senso, o 54% das mulleres dedicaban menos dunha cuarta parte da xornada ó traballo agrícola, en comparación co 43% dos homes (**cadro 2.19.**). As porcentaxes do cadro refírense ó número de mulleres ou homes traballando a tempo completo ou menos dun cuarto da xornada laboral como unha proporción do total de forza de traballo feminina ou masculina en cada caso.

O **cadro 2.20.** mostra a distribución por intervalos de idade e sexo do traballo nas explotacións agrícolas en Galicia para o ano 1997. Así, das 113.959 persoas físicas titulares de explota-



2.19.

Tempo de traballo na agricultura na UE-15 1997

	Xornada completa		Menos dun cuarto da xornada	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
	(%)			
EU15	12	27	54	43
Bélxica	27	61	24	19
Dinamarca	40	60	24	15
Alemania	16	42	38	32
Grecia	4	11	58	47
<b>España</b>	<b>15</b>	<b>22</b>	<b>62</b>	<b>53</b>
Francia	21	49	34	23
Irlanda	32	57	24	15
Italia	7	16	68	55
Luxemburgo	10	57	7	7
Holanda	21	60	22	13
Austria	6	23	46	47
Portugal	10	17	44	41
Finlandia	30	36	44	37
Suecia	11	28	57	36
Reino Unido	26	51	37	26

Fonte: EUROSTAT

2.20.

Traballo nas explotacións agrarias en Galicia 1997 : distribución segundo grupos de idade, sexo e SAU das explotacións

	Total	<2	2 a <5	5 a <10	10 a <20	20 a <30	30 a <50	50 a <100	> = 100
	(en hectareas)								
<b>Titulares que sexan persona física</b>	113.959	40.665	36.564	19.814	13.442	2.642	746	79	5
< 35 anos	5.679	1.283	1.095	1.003	1.759	462	74	1	1
35 a 44 anos	10.094	1.445	2.590	2.884	2.320	591	229	33	1
45 a 54 anos	23.565	6.209	7.707	4.570	4.167	691	197	24	-
55 a 64 anos	31.223	10.862	10.393	6.135	3.143	559	125	4	2
> 65 anos	43.398	20.866	14.779	5.222	2.053	339	121	17	1
<b>Sexo</b>									
Varóns	68.947	24.146	20.874	12.013	9.364	1.899	589	56	5
Mulleres	45.011	16.519	15.691	7.801	4.077	743	158	22	-
<b>Tódolos xefes de explotación</b>	114.781	40.721	36.649	19.914	13.611	2.765	883	162	78
< 35 anos	6.754	1.508	1.291	1.434	1.906	540	68	4	5
35 a 44 anos	13.129	2.785	3.334	3.162	2.677	715	333	88	35
45 a 54 anos	25.897	7.191	8.742	4.726	4.324	652	241	15	6
55 a 64 anos	32.737	11.020	11.241	6.411	3.272	577	164	36	15
> 65 anos	36.264	18.217	12.041	4.181	1.432	281	77	19	17
<b>Sexo</b>									
Varóns	71.008	23.550	21.288	12.749	10.164	2.283	770	125	78
Mulleres	43.774	17.170	15.361	7.165	3.448	481	113	36	-
<b>Cónxuxes do titular</b>	63.174	20.143	18.938	12.957	8.867	1.797	417	52	1
< 35 anos	2.587	192	371	716	995	219	94	-	-
35 a 44 anos	6.756	1.061	1.696	1.843	1.538	473	111	35	-
45 a 54 anos	16.100	3.836	4.732	3.595	3.216	628	89	4	1
55 a 64 anos	20.557	7.136	6.185	4.561	2.213	346	102	14	-
> 65 anos	17.173	7.919	5.953	2.243	905	131	21	-	-
<b>Sexo</b>									
Varóns	21.332	5.985	6.753	5.151	2.735	594	114	1	-
Mulleres	41.841	14.159	12.185	7.807	6.133	1.203	303	51	1
<b>Outros membros da familia do titular</b>	93.685	30.648	28.747	16.881	13.965	2.391	957	89	6
< 35 anos	39.805	12.436	10.890	8.361	6.536	1.048	514	18	2
35 a 44 anos	20.288	8.827	5.886	3.077	2.006	329	148	14	-
45 a 54 anos	12.445	3.944	5.179	1.710	1.438	117	53	3	1
55 a 64 anos	9.499	2.506	3.139	1.399	2.084	292	66	11	2
> 65 anos	11.648	2.934	3.653	2.335	1.901	605	176	43	1
<b>Sexo</b>									
Varóns	51.274	16.906	15.437	8.687	8.097	1.446	634	64	4
Mulleres	42.411	13.742	13.310	8.194	5.869	945	323	26	2
<b>Asalariados fixos</b>	3.866	305	318	335	715	580	503	427	685
< 35 anos	873	96	70	94	111	181	168	86	67
35 a 44 anos	1.234	74	65	68	228	241	197	133	230
45 a 54 anos	822	60	62	38	102	109	85	131	235
55 a 64 anos	658	62	39	94	202	12	47	73	129
> 65 anos	279	13	81	41	73	38	6	4	24
<b>Sexo</b>									
Varóns	3.026	235	194	246	538	457	396	374	586
Mulleres	841	70	123	89	177	123	106	54	99

Fonte: INE , Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas

2.21.

**Poboación ocupada na agricultura e na pesca 1997-2001 : distribución por sexo e grupos de idade**

	Total			Homes			Mulleres		
	1997	2000	2001	1997	2000	2001	1997	2000	2001
	(miles de persoas)								
16 - 24 anos	9,4	7,4	6,3	6,6	6,3	5,7	2,8	1,1	0,5
25 - 54 anos	118,4	117,2	98,4	63,9	64,2	57,0	54,5	53,0	41,4
55 e máis anos	68,8	52,6	50,5	26,1	18,9	18,5	42,8	33,7	32,0
<b>Total</b>	<b>196,6</b>	<b>177,1</b>	<b>155,1</b>	<b>96,6</b>	<b>89,4</b>	<b>81,9</b>	<b>100,0</b>	<b>87,7</b>	<b>73,9</b>

Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa* (metodoloxía orixinal)

2.22.

**Poboación ocupada no sector agro-gandeiro e forestal 1997 e 2001: distribución segundo a súa situación profesional e sexo**

	Sector agro-gandeiro e forestal			Peso relativo no total galego		
	Ocupados	Homes	Mulleres	Ocupados	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)		
<b>Ano 2001</b>	122,5	55,2	67,3	12,4	9,4	16,9
Empresarios sen asalariados	81,7	36,6	45,1	42,7	35,6	51,1
Empresarios con asalariados	1,7	1,5	0,2	2,8	3,1	1,6
Axudas familiares	29,5	9,1	20,5	64,3	64,1	64,4
Asalariados	9,3	7,8	1,5	1,4	1,8	0,6
Outros	0,3	0,3	-	6,8	14,3	-
<b>Ano 1997</b>	168,3	72,7	95,6	18,6	13,1	27,4
Empresarios sen asalariados	104,5	46,0	58,6	49,8	39,6	62,3
Empresarios con asalariados	1,8	1,7	0,1	3,8	4,3	1,5
Axudas familiares	53,0	18,2	34,8	74,2	77,6	72,6
Asalariados	8,1	6,7	1,4	1,4	1,8	0,7
Outros	0,9	0,2	0,7	12,4	5,4	19,4
	(%)			(en puntos porcentuais)		
<b>Variación 01/97</b>	-27,2	-24,1	-29,6	-6,2	-3,8	-10,5
Empresarios sen asalariados	-21,9	-20,5	-23,0	-7,1	-4,1	-11,3
Empresarios con asalariados	-8,3	-13,4	60,0	-1,0	-1,2	0,1
Axudas familiares	-44,3	-50,0	-41,3	-9,9	-13,5	-8,1
Asalariados	15,1	16,9	7,0	-0,1	0,0	-0,2
Outros	-66,7	50,0	-100	-5,6	8,8	-19,4

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, *Enquisa de Poboación Activa*

ción o 39,4% eran mulleres, das que o 71% eran titulares de explotacións de menos de 5 hectáreas, o 18% de explotacións entre 5 e 20 hectáreas, e o 11% de explotacións de máis de 20 hectáreas, mentres que a porcentaxe de homes titulares de explotacións de máis de 20 hectáreas ascendeu ó 27%, de entre 5 e 20 hectáreas ó 31% e de menos de 5 hectáreas ó 42%; entendendo que o titular dunha explotación é persoa física cando se trata dunha persoa individual ou grupo de persoas individuais que explotan en común a explotación sen ter formalizada legalmente unha sociedade.

No que respecta ó número de xefes e xefas de explotación, destacar o feito de que do conxunto de 114.781 persoas incluídas nesta clasificación, o 38% son mulleres, das que case o 75% traballan en explotacións de menos de 5 hectáreas; entendendo por xefe ou xefa de explotación a persoa responsable da xestión corrente e cotiá da explotación agrí-

cola, existindo só un xefe ou xefa de explotación por cada explotación agrícola.

No que respecta á **poboación ocupada na agricultura e na pesca** nos anos 1997, 2000 e 2001, o **cadro 2.21**. mostra unha redución do número de persoas ocupadas no sector do 21,1% no período 1997-2001, afectando ás mulleres nun 26,1% e ós homes nun 15,2%, xeneralizándose esta redución a tódalas franxas de idades, aínda que polo número de poboación ocupada, destaca a redución de poboación ocupada con idades entre 25 a 54 anos, que no caso dos homes se reduce nun 10,7% e para as mulleres nun 24%.

Centrando á análise no sector agrogandeiro e forestal, o **cadro 2.22**. mostra o volume de poboación ocupada no citado sector en función da súa situación profesional. En termos xerais, no ano 2001, o 64,3% e o 42,7% das axudas familiares e



2.23.

Poboación ocupada no sector agrogandeiro e forestal 1996. Distribución por provincias

	Poboación ocupada no sector agrogandeiro e forestal			Poboación ocupada total			Peso relativo da P.O. no sector agrogandeiro e forestal na poboación ocupada total (%)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	12.144	13.136	25.280	51.292	27.507	78.799	23,7	47,8	32,1
Lugo	16.539	14.545	31.084	44.020	25.272	69.292	37,6	57,6	44,9
Ourense	7.476	6.237	13.713	26.646	13.315	39.961	28,1	46,8	34,3
Pontevedra	5.331	4.917	10.248	26.267	13.067	39.334	20,3	37,6	26,1
<b>Total</b>	<b>41.490</b>	<b>38.835</b>	<b>80.325</b>	<b>148.225</b>	<b>79.161</b>	<b>227.386</b>	<b>28,0</b>	<b>49,1</b>	<b>35,3</b>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos IGE, Padrón municipal de habitantes 1996

2.24.

Unidades de traballo / ano na agricultura 1999 (UTA)

	Total	Man de obra familiar				Man de obra non familiar		
		Total	Titular	Cónxuxe	Outros membros da familia	Total	Fixa	Eventual
<b>Galicia</b>	<b>193.561</b>	<b>184.134</b>	<b>105.478</b>	<b>47.220</b>	<b>31.435</b>	<b>9.428</b>	<b>5.642</b>	<b>3.785</b>
A Coruña	64.184	61.520	35.076	15.274	11.170	2.665	1.879	786
Lugo	50.617	48.466	27.208	12.081	9.178	2.150	1.447	703
Ourense	32.704	30.906	18.774	8.485	3.647	1.798	1.000	798
Pontevedra	46.056	43.241	24.420	11.381	7.440	2.815	1.316	1.499
<b>España</b>	<b>1.188.894</b>	<b>805.260</b>	<b>527.755</b>	<b>140.345</b>	<b>137.160</b>	<b>383.634</b>	<b>149.385</b>	<b>234.248</b>

Fonte: INE, Censo agrario 1999

dos empresarios sen asalariados respectivamente, do conxunto de Galicia correspondían ó sector agro-gandeiro e forestal. No que respecta ás **axudas familiares**, o 24% dos ocupados totais no sector agro-gandeiro e forestal atendían a esta categoría, dos que o 70% eran mulleres. En relación ó ano 1997 as axudas familiares no sector agro-gandeiro e forestal diminuíron nun 44,3% no seu conxunto, un 50% nos homes e un 41,3% nas destinadas a mulleres.

No que respecta ós **empresarios sen asalariados**, o 66,7% dos ocupados totais no sector agro-gandeiro e forestal pertencían no ano 2001 a esta categoría, dos que o 55,2% eran mulleres. En relación ó ano 1997 o número de empresarios sen asalariados no sector analizado diminuíu un 21,9% no seu conxunto, así no ano 2001 existen un 23% menos de mulleres empresarias sen asalariados no sector en relación ó ano 1997 e un 20,5% menos de homes.

Con datos referidos ó ano 1996, **cadro 2.23.**, pódese determina-lo peso relativo da poboación ocupada no sector agrogandeiro e forestal respecto da poboación ocupada total a nivel provincial. A

provincia de Lugo é a que presenta, para o ano 1996, un maior peso da poboación ocupada no sector agrogandeiro e forestal, así un 44,9% da poboación ocupada total da provincia traballa no citado sector, unha porcentaxe que ascende ó 57,6% no caso da poboación feminina ocupada; as provincias de Ourense e A Coruña manteñen o 34,3% e o 32,1% da poboación ocupada total no sector agrogandeiro e forestal, porcentaxes que para a poboación ocupada feminina son do 46,8% e do 47,8% respectivamente. A provincia de Pontevedra é a única que se mantén por debaixo da media galega así a poboación ocupada no sector agrogandeiro e forestal é o 26,1% da poboación ocupada total na provincia; sendo a porcentaxe de mulleres ocupadas no citado sector respecto da poboación feminina total ocupada do 37,6%, 11,5 puntos porcentuais por debaixo da media galega.

Finalmente, destacar que no que atinxe ás **unidades de traballo por ano na agricultura**, o **cadro 2.24.** mostra como, segundo o censo agrario de 1999, estas ascendían para o total de Galicia a 193.561, das que o 95% eran realizadas por man de obra familiar (o 54,5% polo titular da explotación, o 24% polo cónxuxe e o 16,5% por outros

membros da familia), mentres que a man de obra non familiar só realizaba o 4,8% das unidades de traballo por ano. Desta man de obra non familiar o 59,8% eran persoas traballadoras fixas. As unidades de traballo por ano na agricultura en Galicia representaban o 16,2% do total do estado, unha porcentaxe que ascende ó 22,8% das unidades de traballo por ano da man de obra familiar e que se reduce ó 2,4% na man de obra non familiar.

Para finaliza-la análise da situación socio laboral da muller en Galicia, é importante ter en conta o fenómeno da **irregularidade laboral**; a vía principal para delimita-lo emprego irregular baséase no cumprimento ou non das obrigas co sistema de Seguridade Social. Determinadas características das persoas traballadoras con respecto á idade, o xénero e ós estudos realizados polos mesmos, aumentan claramente a propensión individual a participar en actividades económicas somerxidas.

Segundo o xénero, a "irregularidade" afecta en maior medida ó colectivo feminino. Neste senso, o índice de irregularidade (estatístico que, para un colectivo, se define como a relación entre o número de ocupados irregulares e o total de ocupados obtidos como a suma entre declarados e irregulares) sinalaba que en España un de cada nove varóns desenvolvía a súa actividade na economía somerxida, mentres que o valor do índice de irregularidade feminino dobraba ó masculino, sinalando que unha de cada catro mulleres tiñan unha actividade somerxida. A maior presenza de actividades somerxidas obsérvase no complexo sectorial agropecuario. O traballo non regrado, détectase e concéntrase, sobre todo, nos sectores que utilizan unha porcentaxe de man de obra sobre o total dos factores de produción, relativamente elevada.

Respecto da situación profesional e as ramas de actividade, hai que sinalar que no sector servizos, os grupos dedicados á axuda familiar e ó emprego no fogar son os que rexistran valores máis elevados do índice de irregularidade.

As dificultades existentes á hora de cuantifica-las actividades somerxidas constátanse nos datos que sobre a prostitución feminina se presentaron no "1º Foro Internacional de Galicia sobre a

Prostitución", celebrado en Vigo os días 16 e 17 de novembro de 2001. Segundo a Brigada Provincial de Seguridade Cidadá, o número de mulleres que se dedican á prostitución en Galicia oscila entre 2.000 e 3.000 mulleres, mentres que segundo o Centro de Información para a Muller, Alecrín, este número oscilaría entre 8.000 e 10.000 mulleres.

Na actualidade o Servicio Galego de Igualdade ten un programa consistente en actividades de atención sanitaria, psicolóxica e formativa a **mulleres que exercen a prostitución** e ás súas fillas e fillos menores, levado a cabo a través de Centros de día situados en Santiago de Compostela, Vigo, Lugo e Ferrol, apoiados por unidades móbiles. Os Centros de Día ofrecen servizos de atención, información e apoio especializado na problemática das mulleres que exercen a prostitución, as unidades móbiles son vehículos cun espazo axeitado para achegar información e apoio socio-sanitario ás mulleres, na actualidade existen dúas unidades móbiles que atenden a 2.344 mulleres e seis centros de día que atende o redor de 1.770 beneficiarios entre mulleres e menores, contando ámbolos dous cun orzamento de 102.170 euros para o ano 2002.

Ademais dos centros de días e das unidades móbiles, existen medidas de apoio incluídas na rede RIAM (rede de información e asesoramento ás mulleres) como son o teléfono da muller, os Centros de Información á Muller (CIM), o Centro de Información e Asesoramento á Muller (CIAM) e o Servicio gratuito de atención xurídica á muller.

Por outra banda tamén hai que ter en conta ós proxectos europeos que teñen especial incidencia na prostitución como son o Programa INTEGRAR, CORA e Pomba, analizados no quinto capítulo deste informe.

Outro colectivo de persoas, e, en concreto, mulleres en resgo de exclusión son as que están internadas en centros penitenciarios, neste senso, o **cadro 2.25**. mostra o número de mulleres e homes penados internos nos centros penitenciarios galegos nos anos 1998 e 2002. O número de mulleres penadas e internas en centros penitenciarios galegos, ascendeu no ano 2002 a 134 persoas, o que supón un incremento do 13,6% respecto do ano 1998, fronte o incremento de homes penados internos,



2.25.

Persoas internas nos centros penitenciarios galegos 1998-2002: distribución segundo sexo e grupo de idade (1)

Centro penitenciario	1998				2002 (1)				98/02			
	16-25 anos	26-40 anos	> 40 anos	Total	16-25 anos	26-40 anos	> 40 anos	Total	16-25 anos	26-40 anos	> 40 anos	Total
Ourense	10	218	66	294	34	244	94	372	240,0	11,9	42,4	26,5
	Homes	5	198	64	267	32	228	89	349	540,0	15,2	39,1
Mulleres	5	20	2	27	2	16	5	23	-60,0	-20,0	150,0	-14,8
Teixeiro ( A Coruña)	60	222	61	343	111	384	145	640	85,0	73,0	137,7	86,6
	Homes	46	180	46	272	93	347	133	573	102,2	92,8	189,1
Mulleres	14	42	15	71	18	37	12	67	28,6	-11,9	-20,0	-5,6
Lugo- Monterroso	158	80	11	249	88	232	60	380	-44,3	190,0	445,5	52,6
	Homes	158	80	11	249	88	232	60	380	-44,3	190,0	445,5
Mulleres	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Lugo- Bonxe	35	259	42	336	39	197	100	336	11,4	-23,9	138,1	-
	Homes	32	244	40	316	39	189	99	327	21,9	-22,5	147,5
Mulleres	3	15	2	20	-	8	1	9	-	-46,7	-50,0	-55,0
A Lama- Pontevedra	68	272	27	367	128	424	78	630	88,2	55,9	188,9	71,7
	Homes	68	272	27	367	119	403	73	595	75,0	48,2	170,4
Mulleres	-	-	-	-	9	21	5	35	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>331</b>	<b>1.051</b>	<b>207</b>	<b>1.589</b>	<b>400</b>	<b>1.481</b>	<b>477</b>	<b>2.358</b>	<b>20,8</b>	<b>40,9</b>	<b>130,4</b>	<b>48,4</b>
Homes	309	974	188	1.471	371	1.399	454	2.224	20,1	43,6	141,5	51,2
Mulleres	22	77	19	118	29	82	23	134	31,8	6,5	21,1	13,6

(1) os datos do ano 2002 están referidos ó 30 de novembro  
 Fonte: Dirección General de Instituciones Penitenciarias.

que foi do 51,2%. O 50% das reclusas penadas están internadas no centro penitenciario de Teixeira (A Coruña), e, no que respecta á distribución por idades, o 61% das mulleres penadas no ano 2002 tiñan entre 26 e 40 anos fronte ó 63% dos homes.

Por outra banda, salienta-lo feito de que o Servicio Galego de Igualdade realiza un programa de atención a mulleres reclusas centrado na realización de actividades lúdicas e de formación. No ano 2002 participou un centro e beneficiáronse deste programa 56 reclusas, ascendendo o orzamento do citado programa de atención a 13.522 euros. ■